

## CONCELLO PLENO

### ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2009/05  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 2 DE MAIO DE 2009

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dezasete horas do día **2 de maio de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**Polo Grupo do P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar  
D. Jesús López Penabad

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas  
D. Ramón López Pérez

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D. Francisco Rivas Álvarez  
Agustín Reymondez Gancedo.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

Dona María José Rodríguez Arca (PSOE) Xustifica a ausencia.

**Secretario :**

D. Manuel Díaz Sánchez.

**Interventor acctal.:**

D.José Vázquez Cupeiro.

Asimesmo na Presidencia da sesión, á beira do Sr.Alcalde-Presidente sitúanse dona Pilar Ibáñez Martín viúva de don Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo e don Leopoldo Calvo-Sotelo Ibáñez-Martín, fillo primoxénito do homenaxeado, en representación da familia.

O Salón de sesións atópase abarrotado de familiares, veciños e amigos de D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento do único asunto incluído na Orde do día da convocatoria, e en execución do acordo plenario anterior de data 27 de abril de 2009, conforme ao previsto no vixente Regulamento de Honras e distincións do Concello de Ribadeo.

#### **2009/01/25.- ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DE RIBADEO A TITULO POSTUMO A D. LEOPOLDO CALVO SOTELO Y BUSTELO.**

Por parte do Sr.Alcalde-Presidente tras saudar en nome da Corporación a todos os asistentes, sinalando que se está no cabodano do pasamento de D.Leopoldo e que se trata dun día de recordo , para un persoaxe tan querido e respectado por todos os ribadenses, e faise referencia ao acordo plenario de 27 de abril de 2009 e ao ditame previo da Xunta de Portavoces de 21 de abril de 2009 e a que nos dous casos por unanimidade ditaminouse e aprobouse a concesión da medalla de ouro a título póstumo que hoxe se vai entregar.

Obra no expediente a proposta de acordo da Xunta de Portavoces de 21 de abril de 2009 e o acordo plenario de data 27 de abril de 2009.

Por Secretaría procedese á lectura da proposta da Xunta de Portavoces dos Grupos Políticos do Concello , elevada a acordo corporativo na meritada sesión de 27 de abril de 2009 asinada polos Sres.portavoces dos grupos corporativos que , literalmente dí:

“Os Grupos políticos da Corporación, como representantes do sentir de todos os ribadenses, cando vai cumprirse o cabodano do pasamento de D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, e considerando, que neste persoaxe conflúen especialísimas circunstancias, as da contemporaneidade da súa traxectoria persoal vencellada aos cargos políticos de primeira orde da transición democrática e as da consolidación do estado constitucional coa especial adicación, vencello e apoio ao progreso de Ribadeo e das súas xentes.

Valorando que durante toda a súa vida mantivo unha íntima relación con esta Vila e aínda tendo en conta que como no célebre discurso grego: "Porque dos homes ilustres tumba é a terra toda, e non só a sinala unha inscrición sepulcral na súa cidade, senón que mesmo nos países estraños pervive o recordo que, aínda non escrito, está gravado na alma de cada un máis que en algo material", realmente Ribadeo foi o lugar do seu destino definitivo, xa que D.Leopoldo Calvo Sotelo aínda que naceu e morreu en Madrid e nesa cidade desempeñou os seus cargos públicos e privados para os veciños e amigos de Ribadeo, era considerado un ribadense máis, que residía en Madrid e que sempre, cando podía, volvía á gozar dos veráns e do tempo de lecer e a pesares de que non era o seu lugar de nacemento, fixoo seu, elixindo tamen para a súa morada definitiva.

O anterior Presidente da Xunta de Galicia definiuno como galego de "sentimento e vocación", e sendo iso certo, era un galego de Ribadeo ou un ribadense universal, pero tamén Alcalde honorario, Fillo adoptivo e polo tanto do mesmo xeito que outros ribadenses, un membro deste Consistorio, exercente.

Home de reconciliación, diálogo e pacto, como tamén o definiu o Bispo da nosa diocese.

Non é casual, polo tanto que o 25 de xuño de 2002 o Rei Juan Carlos I lle concedese o título de Marqués de da Ría de Ribadeo con grandeza de España.

Cultura, amenidade, sutileza e ironía, como escritor e como persoa, e honestidade e eficacia como político. Home que por iso non ten subscitado inimidades coñecidas senón un coro de loubanza e consideración non só dos seus compañeiros de vida política senón dos antigos adversarios e a gratitude final da Coroa, en nome de todos, como símbolo da unidade e permanencia do Estado como sinala a Constitución.

Non se trata de reproducir aquí o seu *cursus honorum* que xa foi establecido por la Sra,Concelleira Delegada na instrución do expediente, que tivo que limitarse a unhas dimensións administrativamente razoables e que non pode abordar a dimensión humana entrañable que representa para os ribadenses e o valor que o seu legado de adicación á vida pública e de agarimo a Ribadeo representa para o coñecemento e instrución de futuras xeracións de ribadenses.

Non bastaba con que dende o 5 de maio de 2008, mirando á Ría dos seus amores se convertise xa nun residente definitivo; era vontade deste Concello que houbera un elemento de permanencia mais alá dunha rúa co seu nome, da que dispoñía, engadindo tamén a presenza dun elemento que sintetizase dalgún xeito a súa personalidade.

Non só os ribadenses saben que sentiu D.Leopoldo a vocación política dende a súa xuventude e nela seguiu con vigor e con experiencia maxistral en momentos moi difíciles orientando definitivamente a nave do Estado nun horizonte democrático e de integración europea, pero os ribadenses sí saben que nos seus cargos prestou un apoio permanente a Ribadeo e as súas xentes, con Alcaldes de todos os signos políticos.

É sabido que moitas veces na concesión de honras públicas, sempre pode haber discrepantes, o que é normal dentro do marco dunha sociedade democrática e pluralista, pero non é casual que en torno á súa persoa e ademais respecto a esta homenaxe exista un criterio unánime de todos os grupos da Corporación do mesmo xeito que se manifestou tamén o criterio Corporativo décadas atrás cando foi nomeado Alcalde honorario e fillo adoptivo.

Péchase deste xeito, unha traxectoria de honra co recoñecemento público desta Corporación e coa permanencia no recordo que vai representar o altorelevo no porto de Ribadeo.

Pola Xunta de Portavoces, á vista da proposta da Alcaldía e considerando a instrucción efectuada e as especialísimas características e méritos concorrentes en D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo pola súa adicación e compromiso con Ribadeo e as súas xentes durante toda a súa vida e como un xeito de mostrar o agradecemento público por iso,

PROPON ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo a título póstumo a D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, en sesión extraordinaria convocada ao efecto.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade, que se celebrará o día 2 de maio de 2009."Asinan o acordo os Sres.Portavoces dos Grupos Municipais seguintes:D. Fernando Suárez Barcia, polo Grupo Municipal do BNG; don José Carlos Rodríguez Andina, polo Grupo Municipal do PP; don Balbino E.Pérez Vacas, polo Grupo Municipal Socialista e don Francisco Rivas Alvarez, polo Grupo Municipal de UPRI."

Por parte do público asistente e corporación apláudese ao remate da lectura da proposta de todos os Grupos Corporativos.

A proposta referida foi elevada a acordo Corporativo na sesión plenaria de 27 de abril de 2009 nos mesmos termos , aprobada por unanimidade de todos os Concelleiros da Corporación Municipal.

Por parte do Sr.Alcalde-Presidente se efectua a intervención que se transcribe literalmente:

*“Di a sabedoría popular (e así nolo recorda Roberto Rodriguez, un dos ribadenses colaboradores no libro que máis tarde se presentará) que un non posúe o poder de elixir a familia pero si aos amigos. O mesmo ocorre co lugar da nacemento. No caso de Leopoldo Calvo Sotelo non hai discusión posible en canto ao seu lugar de nacemento: Madrid, 1926. Mais ao longo da vida, cando se forxa a personalidade e agroman as querenzas, a persoa reafirmase nas orixes que rezan na partida de nacemento ou, en certos casos, e este é un deles, emprende un camiño de libre elección froito do namoramento.*

*Leopoldo Calvo Sotelo dicía orgulloso que el era de Ribadeo. De feito, insistía que el non era un veraneante, senón un ribadense mais e que tiña decidido libremente a súa vinculación á nosa vila. Elixir Ribadeo era para el un valor especial que non tería se tivese nacido na casa dos seus avós, en Porcillán. Esta era unha diferenza ao seu favor.*

*Por iso, e a pesares de todos os distintos títulos e recoñecementos recibidos por el, Leopoldo insistía en que os que máis lle enorgullecían e os que máis estimaba eran aqueles relacionados co seu querido Ribadeo e, en especial, como non, coa Ría de Ribadeo. Esa ría que el definía como unha das paisaxes máis belas do mundo e onde forxou algunhas das amizades máis prezadas que tiña no noso pobo. Por iso non nos sorprende que incluso a súa Maxestade o Rei insistise en que no título a outorgar ao que fora Presidente do Goberno debía haber unha referencia a Ribadeo, mellor aínda, unha referencia á Ría. Tiña que ser así, e de al o título de Marqués da Ría de Ribadeo.*

*Cando se cubre unha folla de servizo á sociedade como a de Leopoldo Calvo Sotelo, acadar o grao de Alcalde honorario do seu pobo indica que ten culminada a súa carreira e que debe dar por ben empregada esa parte da súa vida entregada aos demais. Todo isto conseguíuno Leopoldo en vida. Así mesmo, coa entrega desta medalla de ouro de Ribadeo a título póstumo, queremos recoñecer e agradecer a súa contribución persoal á mellora do noso pobo en todos os ámbitos. Valedor ligado ao progreso material de Ribadeo, ao tempo que grande embaixador da Vila, dándoa a coñecer aló por onde ía.*

*Como lembra unha das inscricións presentes no noso Salón de Plenos: “Quen ao seu pobo honra, merece a honra do seu pobo”.*

Por parte do público asistente apláudese novamente a intervención do Sr.Alcalde-Presidente.

De seguido polo Sr.Alcalde-Presidente, posto en pé xunto co resto da Corporación procédese a efectuar a entrega da Medalla de Ouro de Ribadeo a título póstumo concedida a don Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo á viuva dona Pilar Ibáñez Martín, que agradece ao Sr.Alcalde, sendo aplaudida a entrega de xeito reiterado por todo o público asistente e membros da Corporación.

A continuación en nome da familia toma a palabra don Leopoldo Calvo Sotelo Ibañez Martín, que efectúa una intervención do seguinte tenor literal:

*“Querido Alcalde, queridos Concejales, queridos amigos de Ribadeo y de las dos orillas de la ría:*

*Quiero agradeceros muy sinceramente, en nombre de mi madre y de toda nuestra familia, esta concesión póstuma de la Medalla de Oro de la villa a nuestro padre. Durante los últimos meses, la tristeza por la falta de nuestro padre se ha visto aliviada por la satisfacción de colaborar con el Ayuntamiento en la organización de estos actos de homenaje, tan eficazmente promovidos por el Alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, y que han contado con el apoyo unánime de la Corporación. Colaborar con el Ayuntamiento de Ribadeo: eso es lo que siempre hizo nuestro padre y eso es lo que siempre estaremos dispuestos a hacer sus hijos, en la medida de nuestras fuerzas.*

*En el libro “Con Leopoldo Calvo-Sotelo, en Ribadeo”, que se presentará esta misma tarde en el teatro, regidores municipales durante más de cuatro décadas nos cuentan sus relaciones con mi padre, quien, como Alcalde honorario de Ribadeo, se sentía en cierto modo su colega. Comienza Andrés Tojal, que habla de su “ayuda discreta e imprescindible”, que, entre otras cosas, consiguió resolver el problema de la travesía, “a base de meter bajo la rodadura mucho mineral de hierro, mucho cemento y mucho dinero”.*

*Antonio Martínez López recuerda que, en la época de la presidencia, “la palabra Ribadeo se convirtió en una clave que no sólo nos abrió las puertas de la Moncloa, sino que también nos proporcionó la atención de varios ministerios”. Y evoca aquel día de octubre de 1982 en que se descubría la placa de la avenida que lleva su nombre, Leopoldo Calvo-Sotelo y Bustelo. Dijo en aquella ocasión mi padre: “Siempre me he sentido un ribadense más, pero ahora puedo decir que además lo soy de adopción. Esto es el broche a toda mi vida de pequeño aquí. Y no sólo la mía, sino también la de mis hijos e incluso la de mi padre, que es también hijo adoptivo”.*

*En el artículo de Eduardo Gutiérrez leemos algo revelador: “A ría era unha das súas paixóns e de aí (...) a primeira pregunta que nos facía nas conversas telefónicas, inquirindo qué aspecto tiña a ría ese día; ao non obter resposta, porque desde a alcaldía non se divisaba, viña a brincadeira, suxerindo trasladar de lugar o despacho”. Y es verdad: mi padre se acordaba siempre de Ribadeo y siempre de la Ría de Ribadeo. Hablando de la ría, José Carlos Rodríguez Andina tiene una frase acertada: “Una ría que no conoce rangos ni privilegios”. La ría es, como el mar, un espacio de libertad y de igualdad, regido sólo por las leyes de la navegación y de la amistad. Andina añade una exigencia paterna que tanto nos obliga a los hijos de Leopoldo: que “estéis siempre pendientes de Ribadeo”.*

*Balbino Pérez Vacas nos ofrece un magnífico y divertido relato de lo que podría llamarse la versión ribadense del consenso constitucional: el Alcalde y los Concejales de la primera corporación democrática de Ribadeo, de todos los colores políticos, compartiendo en un viaje de trabajo a Madrid el mismo taxi, las mismas bromas y el mismo deseo de conseguir lo mejor para el concello. Por último, nuestro actual Alcalde, Fernando Suárez, destaca lo que tenía en común con mi padre: “O amor pola política, entendida esta como servizo aos cidadáns e à xestión do ben común, da res publica, e o amor a Ribadeo, o noso concello”. Concluye el Alcalde de manera especialmente afectuosa diciendo: “Leopoldo Calvo-Sotelo quixo ser ribadense antes de calquera outra cousa, e a vila de Ribadeo sabe querer a quen a quere”.*

*Querido Alcalde, queridos amigos, quisiera terminar reiterando nuestro agradecimiento y nuestra disposición para cualquier proyecto al servicio de Ribadeo y de sus ciudadanos. Ribadeo seguirá siendo una palabra clave para nosotros. Tan cierto es esto que cuando el ordenador nos pide una clave, invariablemente tecleamos “Ribadeo”. Pues bien, con este espíritu queremos seguir viniendo aquí muchos años y que nuestros hijos lo hagan después de nosotros. Muchas gracias.”*

A intervención de D.Leopoldo Calvo Sotelo Ibañez-Martin e tamen longamente aplaudida polos asistentes.

Por parte do Sr.Alcalde unha vez rematada a contestación da familia a que se ten feito referencia, e sen mais asuntos que tratar, agradece a asistencia de todos os presentes e os convida igualmente a participar na presentación do libro homenaxe a don Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo que terá lugar a continuación a partir das dezoito horas e trinta minutos no Cine Teatro de Ribadeo, levantándose a sesión de seguido e sendo as dezasete horas e trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,